

**Érica Esmorís** ▶ PREMIO MERLÍN 2015

# «O PREMIO XERAIS É UNHA TRANSFUSIÓN DE CONFIANZA»

VÉN DE RECIBIR O MERLÍN DE LITERATURA INFANTIL POR 'NENA E O MAR' E PRESENTA O 'ULISES E AS CRONOAMIGAS'

▶ TEXTO: **MARÍA VARELA**  
FOTOS: **FRAN AÑÓN**

O teléfono de Érica Esmorís (A Coruña, 1977) non deixa de soar desde que o pasado 6 xuño o xurado pronunciou o nome de «Aleteo Brisalinda» como o pseudónimo da autora da obra gañadora do Premio Merlín, O Xerais de literatura infantil. A creadora de 'Nena e o mar' adoptou o nome da feiticeira de 'Los hijos del vidriero', un dos libros que marcaron a súa nenez, para presentarse ó certame literario.

**A Illa de San Simón quedará xa para vostede como a Illa dos Soños, non si?**

Pois si, porque é un soño cumprido. Aínda que tiña algunha esperanza de que o premio podería ser para min e a miña historia, ata que non estiven alí fronte ós 200 convidados non sentín realmente que se cumpría. A miña irmá dicíame nos días previos: «Estás moi tranquila». Ata chegar alí e oír que lían o meu pseudónimo...

**Que supón facerse co premio máis prestixioso da literatura infantil en galego?**

É algo grande, un soño. Non só por facerme co premio senón polo recoñecemento que supón, porque sei que será unha obra tratada con moitísimo mimo por parte da editorial, pola repercusión que pode ter e, sobre todo, porque supón que non o estou facendo tan mal e é un comenzo bastante bo. Anímame a sentarme a escribir a cuarta novela. Dáme moita confianza a min e ós meus. É unha transfusión de confianza.

**Destacou o xurado de 'Nena e o mar' o seu ritmo pausado, como unha marea, «consegue crear unha atmosfera única que configura un relato único e valente (...）」. Que sente un ó escoitar palabras tan fermosas sobre unha obra propia?**

Pois mira, á nena Amabel, a protagonista do meu primeiro libro 'O poder de Amabel', adopteina como filla e cando alguén me di que lle gusta é como cando lle din a unha nai «o teu fillo é fantástico». Sínto-

me un pouco así. Cando estaba en San Simón escoitando as palabras de Celia falando do meu libro, dos personaxes... emocioime ata o punto de que aínda que tiña un discurso preparado para ler, tiven que esperar uns minutos. Eu esperaba non emocionarme. Polo meu traballo no audiovisual estou afeita a falar en público, pensaba que tiña iso moi superado, pero non foi así. Emocioime moitísimo. **Di literalmente no seu blog que**



**É algo grande, un soño. Non só por facerme co premio, senón polo recoñecemento que supón»**



**Cando alguén me di que lle gustan os meus libros é como cando lle din a unha nai 'o teu fillo é fantástico»**



**Gústanme moito os animais e estudei Veterinaria, pero a verdade é que non lle din oportunidade»**

**colgou as botas de goma de veterinaria para dedicarse ó audiovisual e tamén a escribir.**

Sempre fixen un pouco o que quixen. Na carreira fixen teatro, creando na aula, logo noutra compañía. Gústanme moito os animais e decanteime por estudar Veterinaria. Rematei a carreira, pero a verdade é que non lle din moita oportunidade.

**E agora adícase ó seu outro soño, escribir.**

Aínda que teño tres libros non considero que sexa escritora, pero si que poderei ir facendo carreira para nun futuro poder dicir: «A miña vida foi de escritora». Tampouco é algo que sexa unha obsesión.

**E compaxina a literatura co seu traballo no eido audiovisual.**

Si. Traballo temporalmente en produtoras de cine, televisión e publicidade. O verán é a época con máis traballo. Estiven hai tempo como guionista na TVG, fixen documentais... Agora o que fago son labores de dirección. Estiven na película 'A Esmorga', na serie 'Matalobos' e agora en publicidade. É o que me dá de comer e é un traballo tan temporal que me permite ter espazos nos que estou na miña casa e podo escribir. Comencei 'Nena e o mar' hai un ano cando estaba traballando para 'A Esmorga'. Tiven que parar e retomalo despois.

**Ata despois do verán non teremos un exemplar de 'Nena e o mar' nas mans... Como é este relato do mar?**

Nena é unha nena pequena, realmente non falo de idade, pode ser moi pequena. É a única nena de Porto Balea, unha vila que tivo unha época de esplendor moi grande, pero cando pechou a industria baleeira a xente nova emigrou. Quedaron só os vellos, Nena e o seu pai.

**Nena representa a esperanza para un pobo desesperanzado...**

En ningún momento do libro Nena decátase de que ela é a esperanza ou a persoa que pode cambiar o sentido da vila. O único que



Érica Esmorís. FRAN AÑÓN



quere é recuperar o seu pai e non entende que lle digan que é imposible. Non ten influenzas aínda, lánzase ela soa a unha aventura que ninguén dos habitantes de Porto Balea espera e cambia un pouco a vida de todos.

**Como xurdiu este relato de mar?**

Con cada libro xorden as historias de distinta maneira. Esta foi por ese sentimento de desesperanza de escoitar á xente maior dicindo cousas como: «Xa non teño idade de facer cousas»; «Xa non é momento para...». Querer é poder, a idade non é un impedimento. Collín ese sentimento e localiceino en Porto Balea e creei os personaxes, cada un co seu conflito, non son personaxes brancos ou negros, teñen grises. E hai un personaxe con luz, que é Nena.

**Agora a esperar á acollida.**

Penso que á crítica vaillle sorprenden bastante porque é completamente diferente de 'O poder de Amabel' e 'Ulises e as cronoamigas'. É máis, pode parecer que non están escritas pola mesma persoa. Este libro está narrado de forma moi diferente ós outros dous. É máis literario, aínda que imaxino que desde fóra pódese ver similitude. Os personaxes son nenas, son pequenas.

**Xusto ó día seguinte de coñecerse os premios Xerais, saía á rúa o seu segundo título, 'Ulises e as cronoamigas', con Sushi Books.**

Vai dirixido a preadolescentes, de oito a doce anos. Non é clásico, ten de todo: receitas, consellos para mellorar no surf, parte de cómic... É un libro fantástico para a época estival. Xa teño fotos de dúas rapazas con el na praia e a nai dicindo que se están queimando por non querer parar de ler. Ese era o concepto que buscaba, e pode funcionar bastante ben.

**Ata onde chega o soño literario de Érica Esmoris?**

Aínda sigo crecendo, no concepto de cara onde vou e falando literariamente. Aínda non sei exactamente ata onde quero chegar, nin se quero chegar a un lugar concreto. O que quero é seguir escribindo. Entre traballo e traballo ou cando teña un oco ou facendo eu os ocos, porque tamén dixen que non a traballos para rematar 'Nena e o mar', poder escribir, cumprir o soño de presentar un libro, velo publicado e que guste. Cando as nais mandan fotos ou as nenas me recoñecen nos coles ou me paran para dicirme que lles gustou moitísimo 'O poder de Amabel', é a maior satisfacción que se pode ter. É unha especie de afección que levarei comigo e se pode facer que sexa algo profesional, e a medida que pasen os anos e os libros, podo dedicarme a escribir, estarei encantadísima.



**Nena e o mar' xurdiu por un sentimento de desesperanza, de escoitar á xente maior dicir 'xa non teño idade'»**



**As historias que me marcaron teñen un compoñente frío e duro é á vez cálido»**



**«...sei exactamente ata onde quero chegar, nin se quero chegar a un lugar concreto»**



Érica Esmoris co Premio Xerais de literatura infantil. XERAIS

**«OS MEUS DESEXOS MÁIS OCULTOS SON MOI ESIXENTES»**

**Fixo trampa nalgunha ocasión?**

Era unha experta en bolis-chuleta na carreira. Co compás lograba cinco liñas por cada cara.

**Que é o peor que fixo nun arranque de carraxe?**

Facer zume de laranxa coa cabeza do meu inimigo (temporal).

**Levou algo dalgures ou marchou dalgún restaurante sen pagar?**

Unha vez funme dun restaurante sen pagar, pero tiña xustificación: o cocineiro e a camareira, irmáns, comezaran a pelexar e cando vin voar potas sobre a miña cabeza decidín que xa non tiña ganas de sobremesa. Tampouco o resto de comensais.

**Que sería capaz de facer por un millón de euros?**

O Camiño de Santiago.

**Fáiselle a boca auga cando...**

Escoito falar de comida e de cachorros (sí, animais).

**Quen ou que situacións espertan os seus desexos máis ocultos?**

Un home humilde, cariñoso e que me faga rir. Ten que gustarlle a praia e os animais e ter unha faceta artística. Os meus desexos máis ocultos son moi esixentes.

**Na mesa, ante que non se pode resistir?**

Ante un bo pan. Xa nin o intento (aínda que debería).

**Podería vivir sen espello ou vaise mirando nos escaparates?**

Sen espello vívese perfectamente pero, ás veces, para maquillarse (dúas ou tres veces ao ano) resulta moi útil.

**Cal é a súa tenda/lugar preferido para sentirse culpable?**

Non me gustar ir de tendas así que me sinto culpable na intimidade da miña conta de Amazon.

**A preguiza véncelle cando...**

Chega o momento de ordenar a miña roupa que se amoreou no chan e fai de improvisada alfombra de 'patchwork'.

**De que se sente máis orgullosa de sí mesma?**

De non ter cambiado moito.

**Que non perdoaría nunca?**

Podería perdoalo todo se quixera. O asunto é que queira. Dependendo do que compense o perdón.

**Se puidese ser calquera persoa no mundo, quen sería?**

Viviría nun eterno ciclo de nacer, crecer, envellecer, morrer e volver a nacer e ser eu mesma. Collinme cariñoso.

**Arrepintese de...**

Das merendas opíparas dos últimos dous anos. É tan doado gañar e tan difícil perder!

**Cal é a última mentira que contou?**

A min mesma: que hoxe remataría certos traballos retrasados. Pero non pasa nada: mañá os remato...